



A PUTA NAMORADA



MARZO DE 2023
ESTETA
RÚA PENEDIÑOS NÚMERO 5

FICHA ARTÍSTICA

DIEGO VELÁZQUEZ Xoel Álvarez

CALDERONA Noelia Pereira

LUCIO Brais Vázquez

Vestuario Elena Varela / ESTETA Teatro

Escenografía e iluminación David Vázquez Nóvoa

Banda sonora orixinal Brais Abad Piñeiro

Axudante de dirección Elena Varela

Dirección David Vázquez Nóvoa

A ESCENA

É o taller dun pintor, situado na Calle Maior de Madrid.

De fondo vemos un gran telón negro, nos laterais dous grandes cabaletes sostendo dous lenzos a medio rematar, e outros tantos apilados enriba do que parece unha mesa baixa de cor negra, no centro da escena ao fondo.

Unha mesa vella, cuberta cun mantel branco sobre a que están varios pinceles, paletas, cuncas de barro e trapos manchados de pinturas. Ademais podemos entrever un candelabro antigo que no momento do inicio da obra está apagado. Botellas de viño e algunha copa están tamén sobre a pequena mesa.

No lateral dereito temos o que parece unha mesa, máis alta, na que temos un candelabro de cobre con tres velas.

No lateral esquerdo un pequeno cubículo de madeira ten encima del un pequeno bodegón. Podemos atopar, mazá, laranxa, melocotón, plátano, etc.

A acción transcorre no Madrid dos Austrias en 1629.

Telón negro de fondo

Entradas e saídas taller de Velázquez



Caballete con cuadro



Mesa con paletas de cores, obxectos de valor, copas e botellas de viño



Caballete con cuadro



Caballete 2 acto



Cubo, modo sofá

PERSONAXES

DIEGO VELÁZQUEZ.-

Diego Rodríguez de Silva y Velázquez. Pintor de la Corte española durante o reinado de Felipe IV. Ten 31 anos de idade.

CALDERONA.-

María Calderón. Famosa actriz madrileña, amante do rey Felipe IV.

Ten 25 anos de idade.

LUCIO.-

Cómico, chulo e rufián madrileño.

Compañeiro e amigo de Calderona, servente seu.

Sobre os 30 anos.

PRÓLOGO



Escena completamente escura.



Ruído e risas que baixan lentamente.

Escuro total, escoitase un murmullo de xente con ambiente de festa, gritos e risas que van baixando pouco a pouco.

Entra Lucio pola pata dereita e ponse no proscenio no medio do escenario, falándolle ao público.



La escena se ilumina de forma cenital, fixéndose en el personaxe de Lucio.

LUCIO: *En plan irónico y mirando ao público.* Bailade, bailade! Mañá xa será coresma e acabárase o carnaval! Corenta días de fame! Corenta días de merda!

Non debería rematar nunca o carnaval! Nin sequera a vida! *Quítase a máscara de estilo veneciano.* O carnaval é coma a vida, catro días e o que non o desfrutes entón non o desfrutaras xamais!

Que pasa? Que non queredes falar comigo? Pensabades que non ía regresar? Pois aquí estou.

O gran Lucio! O gran cómico de Madrid! Xa non hai cómicos en España, o seu rei e os seus gobernantes quitáronnos o traballo, porque pensan que eles son mellores... *Solta unha risa ...*

Xa pasaron cinco anos dende a miña marcha... Cinco anos! E aquí estou de novo... Aínda recordo o último carnaval, nesta mesma calle, dende esta mesma fiestra... *Mira cara atrás.*



Ilumínase a parte de atrás deixando entrever o taller.

Foi nesta mesma casa onde ocorreu todo. Non queredes saber o que ocorreu? Ninguén se parará a escoitarme? E que máis da! Total non iades crerme, se vos digo a verdade a veces tampouco mo creo eu.

Pero sei que estiven aquí, neste balcón, neste taller, con este cheiro tan característico a pintura... Estou algo borracho non vou lo vou negar, pero sei que estiven aquí. Recordo este balcón, recordo a esa muller ...



Escuro lentamente

Lucio abandona a escena.

XORNADA PRIMEIRA



Luz brancos, ámbar, laranxa, simulando un atardecer.



Escoitáanse os berros dunha muller insultando a outra, en tono bronco.

Entra Calderona pola pata esquerda, visiblemente enfadada, leva unha capa con capucha. Tras ela ven Lucio vestido de forma informal. Camisa floxa e pantalón desgastado.

CALDERONA: Mal raio a parta en dous! A ela e a toda a súa descendencia!

LUCIO: *Ríndose.* Nunca me rira tanto muller.

CALDERONA: Cando remate contigo poderás seguir ríndote fillo de puta. Se volves rirte outra vez rompereiche os dentes.

LUCIO: Pero non ves que non podoo evitalo? Se te vises a cara... *Ríndose en baixo.*

CALDERONA: E que cara porías ti se che caese enriba túa unha choiva de mexo... Así te afogues ti en mexadas! *Quítase a capa e lánzalla á cara a Lucio.*

LUCIO: Non te enfades tanto, que queres que fagan coas súas sobras?

CALDERONA: Que as traguen antes de tiralas sobre a xente. Nin se detivo a mirar se pasaba alguén nin sequera berrou “Auga vai” Colleu a cunca e alá que foi! E inda se sinte ofendida a moi *Enfadada*. Porque a chamei porca!

LUCIO: Iso foi o menos que lle chamaches.

CALDERONA: Houben de arrincarlle os ollos!

LUCIO: E houbéralo feito se o seu criado e máis eu non te detemos.

CALDERONA: *Abanicándose*. Maldita sexa! E que fago eu agora apestando a este cheiro repugnante...

LUCIO: *Finxindo*. Apenas se nota.

CALDERONA: Non mintas pícaro.

LUCIO: Se non te moves tanto e deixas de abanicarte... Ademais non é a primeira vez que che ocorre. Acaso non te lembrás daquela muller que che lanzou as cacas do seu fillo dende o galiñeiro do teatro?

CALDERONA: Non, non o recordo nin quero facelo.

LUCIO: Pois eu si. Tamén che lanzaron leitugas, tomates, patacas... Houbo días que nas túas actuacións cenamos co que a xente nos lanzou... Veña Calderona, percorremos moitos teatros xuntos. Eu tratareite co respecto do público pero non pretendas que sexa o teu bufón en privado.

CALDERONA: En público ou en privado agora eu son a túa señora e se non o aceptas volverás durmir no prado do Manzanares....

Silencio.

CALDERONA: E dime ti, porque non chegou aínda este home?

LUCIO: É o pintor da corte.

CALDERONA: Pois a xulgar por este cuarto, debe pintar os seus cadros nas cuadras do palacio.

LUCIO: Os artistas non dan valor ao luxo de palacio.

CALDERONA: Ah, non? Entón que é o que valoran?

LUCIO: A arte.

CALDERONA: Pero quen che encheu a cabeza de paxaros?

LUCIO: O meu oficio da moito mundo...

CALDERONA: O teu oficio? Acaso ti tes diso?

LUCIO: O mesmo que vostede señora.

CALDERONA: Equivócaste lacaio eu nunca roubei.

LUCIO: E eu nunca puteei..

CALDERONA: Maldito canalla!

LUCIO: Porque se ofende tanto dona? Acaso dixen algunha mentira?

CALDERONA: Eu son actriz, das mellores de toda Madrid, non puta.

LUCIO: E onde está a diferenza?

CALDERONA: Voute matar saco de piollos! Ven aquí e dimo á cara!

LUCIO: Pero se todo o mundo o di. Ou é que estás xorda ou cega? Non os ves nas esquinas murmurando? Non os escoitas no patio de butacas? “Calderona puta cómica”
“Calderona puta do rei”

CALDERONA: Vou deixarte tolleito de tal malleira que vas recibir!

LUCIO: Está ben, está ben, non volverei abrir a boca!

CALDERONA: *Achégase a el.* Aténdeme e abre as orellas! Eu son unha señora. Unha muller honrada que se ganou a vida sempre soa. E se algunha me vendín foi para iso mesmo, para seguir estando soa. Aguantei moitas inxurias, pero iso rematou.

Achégase aínda máis a el.

Agora son unha dama. Ao inferno cos homes, os cómicos, as putas e Madrid enteiro se fai falla. Agora vou en carruaxe e cúspolles na súa mesma cara. E cando me farto de cuspirilles e de pasear as miñas belezas volvo á miña casa. Miña, que fermosa palabra. Porque é miña e soamente miña, de ninguén! Grávate iso na túa cachola e non volvas dicir unha palabra máis.

Levanta unha perna moi lentamente.

Lucio colle o zapato e calda á súa señora.

CALDERONA: Así serve un criado á súa dona. E veña, érguete que nos imos.

LUCIO: E o pintor? Que pasa con el? Temos que velo hoxe mesmo, así o dixo o rei.

CALDERONA: Pois haberá que cambiar de idea.

LUCIO: O rei pode desgustarse.

CALDERONA: Máis se desgustaría se cheirase o meu perfume. Vamos, dirémoslle que me sentín indisposta.

LUCIO: Está ben, o que vostede mande!

Lucio vai á mesa e colle unha bandexa de ouro.

CALDERONA: Que estás facendo? Deixa iso aí mesmo

LUCIO: Non se preocupe, ninguén o botará en falta. Isto debe valer polo menos seis mil reais.

CALDERONA: Pero é que non escarmentas? Non che se ocorre que isto pode ser unha trampa?

LUCIO: O que?

CALDERONA: Si, pánfilo. Unha estratexia para probarnos, non sabes como son estes cortesanos.

LUCIO: Que mente máis retorcida tes!

CALDERONA: E ti uns dedos moi longos! Deixa iso aí se non queres que che dea un escarmento.

LUCIO: Faite a cega e deixa que mo leve!

CALDERONA: *Intentando quitarllo das mans.* Valo deixar aínda que teña que arrincarche os dous brazos.

LUCIO: Estás a piques de logralo!

CALDERONA: Dámo Lucio, por derradeira vez!

LUCIO: Sóltame!

Entra Diego pola pata dereita, cunha copa de viño entre as súas mans.

DIEGO: Bonita estampa contemplan os meus ollos! Acostumades a entrar así en casa allea?

Lucio e Calderona detéñense, Ela solta a Lucio e este como non colocase en posición formal coma se fose un criado, escondendo a bandexa coas mans cruzadas detrás das costas.

CALDERONA: Boas tarde señor! *Faille unha reverencia.*

DIEGO: Onde está o meu criado?

CALDERONA: O portugués? Debe de estar por aí abaixo, foi el mesmo que nos abriu a porta.

DIEGO: Rufián! Fillo de puta! Xa debe de estar na taberna!

CALDERONA: Non se preocupe señor, somos xente de ben.

DIEGO: Permítame que o poña en dúbida.

Achégase a Lucio, dálle a volta e sácalle a bandexa de ouro que tiña escondida tras das súas costas.

DIEGO: Ti debes de ser “Calderona”, verdade?

CALDERONA: Non, eu son Dona María Calderón, señor.

DIEGO: Dona María, non sabía eu que tiverades ese nome.

CALDERONA: Ata os cans o teñen.

DIEGO: E ti que es o mastín?

LUCIO: O que señor?

DIEGO: O protector desta dama, non é así?

LUCIO: O meu nome é Lucio, señor, para servilo.

DIEGO: Xa me advertiron de que sempre había alguén con vostede. Moito debe estimar súa maxestade a súa persoa ou moito debe de desconfiar da miña.

CALDERONA: Sei protexerme eu soa.

DIEGO: Así o espero, dubido moito de que este baldreu lle poida servir de moita protección.

CALDERONA: Poñédeo a proba.

DIEGO: Non será necesario. Non correde ningún perigo. Non acostumo abalanzarme sobre as damas, soas ou acompañadas. De feito non acostumo a abalanzarme sobre nada.

CALDERONA: Debedes de ser moi aburrido señor.

DIEGO: Supoño que ante vos, calquera o parece

CALDERONA: Acaso me coñece?

DIEGO: Digamos que sei quen é, escoitei moito falar da vosa persoa.

CALDERONA: E quen son eu señor?

DIEGO: A Calderona, non é así como vos chaman?

CALDERONA: Soamente aqueles a que lle lo permito.

DIEGO: E eu terei esa honra?

CALDERONA: Con señora me basta. *Toda digna.*

DIEGO: Tomade asento pois

CALDERONA: *Achégase ao cubo máis alto, súbese enriba de el e encima do banquiño apoia un pe.* Grazas señor. Advírtovos que dispoño de moi pouco tempo, Son unha muller moi ocupada.

LUCIO: *Permanece inmóbil de pé na outra esquina da escena.*

DIEGO: Xa imaxino que unha muller da vosa categoría debe ter moitos asuntos que atender.

CALDERONA: Sabe? Eu tamén escoitei falar de vós.

DIEGO: Cousas boas?

CALDERONA: Non hai que facerlle moito caso ós faladoiros, case nunca din a verdade.

DIEGO: Ah, non?

CALDERONA: Dixéronme que erades todo un cabaleiro e a verdade é que os vosos modais non se corresponden ao título.

DIEGO: En que a ofendín?

CALDERONA: Pois mire, para empezar non estaba aquí para recibirme.

DIEGO: Bueno, eu tamén son un home moi ocupado.

CALDERONA: E descoidado, nin sequera se desculpou.

DIEGO: Ah, iso! Ofrézolle as miñas desculpas señora.

CALDERONA: Tarde, chegan tarde! Espero que de agora en diante sexades máis coidadoso, e non esquezades os vosos deberes de cara unha dama.

DIEGO: Procurarei non esquecerme. E agora vamos ao asunto que nos ocupa.

LUCIO: *Ráscándose a cabeza.*

DIEGO: Decídelle ao voso criado que se sente por favor, ponme nervioso velo aí de pé, rascándose coma un can.

CALDERONA: Está moi ben como está.

LUCIO: *Queda na mesma posición obedecendo a Calderona.*

DIEGO: Como queirades, ao fin e ao cabo é o voso criado. Ben señora como sabedes... *Detense e cheira...* Que fedor tan forte! Non o nota señora?

LUCIO: Fedor señor, a que?

DIEGO: Non sei, é coma se cheirase a mexo...

LUCIO: Sí, si, agora comezo a notalo.

CALDERONA: *Bótalle unha mirada fulminante a Lucio.*

DIEGO: Ese malnacido de Gracián... Seguro que se deixou a porta aberta e algún can fixo das súas nesta estancia.

LUCIO: Ou unha cadela señor.

DIEGO: Unha cadela?

LUCIO: Si, din que o seu cheiro é máis forte, sobre todo se están en celo...

DIEGO: Can ou cadela xa me encargarei dese criado meu portugués. *Cambia de tono, máis doce.* Ben señora, cando podemos comezar?

CALDERONA: Non llelo comunicaron?

DIEGO: Non, o último que sei é que tiña que pintar un cadro. Un retrato, o voso. Que debería de ser pronto e fóra do meu taller no palacio.

CALDERONA: Ah, si?

DIEGO: Que me esmerara no traballo e que nunca estivese a soas con vos.

CALDERONA: E porque ten que ser fóra do voso taller do palacio?

DIEGO: Iso debería sabelo señora.

CALDERONA: Quero que mo digades vos.

DIEGO: Ignóroo...

CALDERONA: Embusteiro.

LUCIO: *Entre dentes.* Esa lingua Calderona...

DIEGO: Señora, eu descoñezo moitas cousas de palacio. Son pintor, non cortesán. A miña man está ao servizo de quen paga e non pregunta xamais.

CALDERONA: Logo vendédesvos igual que unha rameira.

DIEGO: *Escapáselle unha risa.* Adivertíronme de que erades unha deslinguada, pero non esperaba que o fósedes tanto, señora. Non é xusto que faledes vos de rameiras. Todos sabemos que niso, lévanos vantaxe.

CALDERONA: Por fin cantou o galo! Custouvos, pero ao final soltouno! Agora é cando podemos falar de igual a igual. Sei que non queredes pintar este cadro, Maese Diego. Sei que me despreciades igual ca todos. Que pensades que son unha calquera, a rameira do rei, así me chaman. Xamais elixiriades a unha muller coma min para manchar os vosos lenzos, pero o rei volo manda e vos obedecedes. Sabedes que nunca

porei os pés no Alcázar, que teredes que pintarme aquí, a escondidas, sen que ninguén se entere. Podo ver nos vosos ollos todo o desprezo que sentides, pero aínda así o faredes. Vos o pintor da corte, do mesmo rei, retratando á súa querida...

Canta humillación para un artista da súa talla. Fódase, Maese, Diego, fódase! O que moitas damas soñan con ter, esta pobre cómica o disfrutara e sen ter que pagar por elo nin un só real.

DIEGO: Falando de igual a igual, señora. Nunca pintaría un cadro voso, xamais os dirixiría sequera a palabra, xamais comería nunha mesa na que vos fôsedes convidada. Pero o rei ordéname facer un retrato voso e eu acato a súa vontade. Aprecio á raíña, respéctoa e sei que vos sodes un gran no seu cu.

Pero pese a todo isto, pintarei ese retrato. Tal vez vos pareza humillante, pero eu solo o encontro “incómodo”. Polo demais, sinto serlle tan sincero, pero si vos molestaron as miñas palabras, fódase, señora, fódase.

Silencio.



MÚSICA

CALDERONA: Agora podemos falar de traballo.

DIEGO: Por fin estamos de acordo en algo. Ben, agora quixera observala. *Achégase a Calderona, ela apártase.* Non teñades medo muller, solo quero vela de preto.

CALDERONA: Teño un catarro terrible e non quixera contaxiarvos.

DIEGO: Non vos preocupedes, son forte.

CALDERONA: O médico dixo que era moi contaxioso.

DIEGO: Pois debedes curalo.

CALDERONA: Mañá estarei mellor. Poderedes observarme mellor mañá.

DIEGO: Como vostede diga. *Achégase a Lucio.* Déixame verte.

LUCIO: A min señor?

DIEGO: Si, necesito ver o voso rostro.

LUCIO: Para que?

DIEGO: Para o cadro.

LUCIO: O cadro? Ides pintarme a min?

DIEGO: Si.

Silencio. Calderona con cara de sorpresa.

LUCIO: Pero é a dona a quen debedes pintar.

DIEGO: Vou a pintarvos aos dous xuntos.

CALDERONA: Pero que decides? Lucio no meu cadro?

DIEGO: Unha señora de ben ten un criado, non é así?

CALDERONA: Ordenóuselle pintar só o meu retrato.

DIEGO: E iso farei. Pero do modo ninguén me dixo nada. Teño liberdade. O rei sempre me respectou.

LUCIO: *Con algarvío.* Eu! Eu nun cadro! Escoitou señora? Van retratarme. *Moi contento e dando brincos.*

CALDERONA: Escoitei, claro que escoitei e é a cousa máis absurda que estas orellas escoitaron. Escóiteme Don Diego, vai pintar o meu retrato, o meu soa. Así o dispuxo o rei e así o faredes. Terei que lembrarvos que vos paga?

DIEGO: *Ríndose.* Ocupades de cando en vez a cama do rei e credes que iso dávos dereito a todo. Non, señora. Reis ou criados póñense ao meu servizo cando eu os retrato e vos non ides a ser menos. Eu pinto. Vos posades. O rei paga e todos contentos.

CALDERONA: Pensades que me dobregarei por un cadro? Hai cousas moito máis importantes para min, o meu orgullo, por exemplo. De que pode servirme a min un retrato?

DIEGO: Pois de moito máis do que a vosa mente poida imaxinar. Cando sexades unha vella decrepita, esgotada polos excesos e polos vicios de xuventude, el estará aí, corroborando o que un día fostes . Para unha muller coma como vos, que tan bo uso fai da súa beleza.

CALDERONA: E que me quedará de vos, Maese Diego?

DIEGO: A miña obra.

CALDERDONA: Só iso? Pois eu non estarei nela. Non perdoaría xamais formar parte de algo voso. Vámonos Lucio.

LUCIO: *A Calderona.* Non te precipites, pensa no rei.

CALDERONA: Dixen que nos imos.

DIEGO: Facede o que queirades, pero decídelle a súa maxestade que ao menos eu o intentei.

CALDERONA: Descoide, a súa maxestade será informado.

LUCIO: Calderona, non sexas tan bruta. Non poñas a túa posición en xogo. *Mira a Diego.* Esperade señor, deberemos considerar este asunto con algo máis de detemento.

CALDERONA: Dende cando falas ti por min?

DIEGO: Non te esfuerces é torta coma ela soa.

LUCIO: *A Calderona.* Teño que falar contigo.

CALDERONA: Que loucura che entrou agora?

LUCIO: *Achégase a Diego.* Dádeo por feito señor. Deixádeme a soas con ela e vos prometo que a loba converterase en cordeira.

CALDERONA: Que falas rufián!

DIEGO: A fe que nunca vin señora nin criado tan estraños. Está ben, nas túas mans o deixo. Avísame, xa perdín demasiado tempo.

LUCIO: Non vos preocupedes meu señor.

DIEGO: *Saíndo de escena.* Si que é forte o cheiro, si.

Silencio.

 **MÚSICA**

CALDERONA: Que é o que te propós bastardo?

LUCIO: E ti que tes na cabeza? O rei quere un retrato teu, encárgallo ao seu propio pintor e ti trátalo coma se fose un mendigo...

CALDERONA: Eu teño orgullo e non penso soportar os seus desprezos. “Nos ha jodido el sevillano” Unha vella decrépita, iso seraa súa nai.

LUCIO: Ti obrigáchelo.

CALDERONA: Que interese tes ti neste retrato?

LUCIO: Escóitame muller. Ese home vive na Corte e a Corte está chea de intrigas que ti descoñeces. Se hoxe contas co favor do rei, mañá pode que non o teñas. Hai moitas esperando o teu posto. Non tenses a corda.

CALDERONA: Tanto che fascina saír neste cadro? Non me vas convencer e non sei nin porque sigo escoitándote.

LUCIO: Está ben, non insistirei máis. Ao fin e ao cabo que é soamente un cadro? Un cadro pintado por Maese Velázquez. Un lenzo nada máis. Que máis da que o rei teña un capricho! Ten tantos todos os días... E que máis dá que sexa o teu rostro ou o de outra... Ten tantas mulleres ao seu alcance...

CALDERONA: Cala a boca bellaco!

LUCIO: Onte saudei a “La Murciana”. Díxome que o rei foi vela ao teatro, que lle dispensou unha nota moi amable e que a próxima semana volverá a vela. Está facendo unha excelente comedia.

Silencio. Lucio fai o amago de saír do taller.

CALDERONA: Espera...

Lucio deténse.

CALDERONA: Ven aquí tunante!

LUCIO: Dígame señora.

CALDERONA: Está ben, fareino. Cederei ante ese ingrato, pero con unha condición.

LUCIO: Pide por esa boquiña, rosa de Alexandría. *Cómico.*

CALDERONA: Non penso cruzar unha soa palabra con el.

LUCIO: Non será preciso.

CALDERONA: Nin el a cruzará comigo.

LUCIO: Eu falarei por ti e por el se así o desexas.

CALDERONA: Entendíchesme? Nin unha soa palabra!

LUCIO: Como mande perla de Antioquía.

CALDERONA: Non digas máis tonterías e chama ao pintor.

Entra Diego e obsérvaos aos dous.

DIEGO: Rematou a conferencia?

LUCIO: Maese Diego, precisamente me dispuña a chamaros.

DIEGO: Que di a señora?

LUCIO: A señora di que si, que posará para o cadro.

DIEGO: *Mirando a Calderona.* É certo iso señora?

LUCIO: Di Maese Diego que si é certo o que lle dixen.

CALDERONA: Dílle a Maese Diego que certo é.

LUCIO: Di a señora que así é señor.

DIEGO: De momento non estou xordo.

CALDERONA: Dille a Maese Diego que acepto pero baixo condicións.

LUCIO: Di a señora que acepta o trato pero con algunhas condicións.

DIEGO: Pero que xogo é este?

CALDERONA: Dille cales son as miñas condicións.

LUCIO: A señora di...

DIEGO: Polos cravos de Cristo! Basta xa! Queredes burlarvos de min?

LUCIO: Oh non meu señor. A señora como xa vos dixen estará a vosa disposición pero con unha pequena condición.

DIEGO: Iso xa o escoitei. De que se trata?

LUCIO: Pois veredes, señor. Sen ánimo de ofendelo e a fin de evitar novos malentendido e discusións, sería convinte que non vos dirixirades a palabra, e en caso de ser estritamente necesario, que o fixerades por medio dun humilde servidor.

DIEGO: Queres dicir que non pensa falarme?

LUCIO: *Dubitativo.* Bueno... en esencia é máis ou menos así.

DIEGO: E que tampouco eu lle fale?

LUCIO: Algo así.

DIEGO: *Rise.* Esta muller é o mesmísimo diaño!

CALDERONA: Dille a Maese Diego que non se refira a min se non é por cuestión de traballo.

LUCIO: Di a señora...

DIEGO: Si, si, escoiteino. E o que o diaño a leve! De acordo, dille a señora que non sufra. Que non escoitará da miña boca nin unha soa palabra, pero espero que ela tamén acepte as miñas condicións. Seriedade, puntualidade e obediencia. Polo demais coma se quere cortarse a lingua.

LUCIO: Si señor. *A Calderona.* Di Don Diego que...

CALDERONA: Dille a Don Diego que eu son unha muller que sei moi ben o que teño que facer e que son de palabra. Respecto a obediencia, dille que non irei máis aló de onde a miña conciencia mo dite.

LUCIO: Di que está de acordo.

Calderona dálle unha patada disimuladamente a Lucio.

LUCIO: E bueno que respecto a obediencia, reservase, por si acaso.

DIEGO: Hai mulas menos tortas ca ela!

CALDERONA: E porcos máis agradables.

Silencio.

LUCIO: Estamos todos de acordo?

DIEGO: Por min non ha quedar!

LUCIO: Señora?

CALDERONA: *Suspira forte.* Intentareino.

LUCIO: Cando comezamos señor?

DIEGO: Mañá, a primeira hora.

LUCIO: Aquí estaremos.

DIEGO: E sede puntuais!

LUCIO: Descoidade señor. Ímonos señora?

CALDERONA: Si, xa perdemos demasiado tempo.

LUCIO: Con Deus quedades meu señor.

DIEGO: Ide con el.

Van camiñando cara a saída do taller

DIEGO: Lucio!

LUCIO: Si, meu señor?

DIEGO: Dígalle ata mañá á súa señora.

LUCIO: Señora, di Maese Diego que ata mañá.

CALDERONA: Dille adeus ao señor.

LUCIO: Di adeus, señor.

Saen do taller.

Diego achégase á mesa e bota unha copa de viño.

Dende fóra de escena fala Lucio.

LUCIO: Maldito cabrón! Porque non miras onde arroxas as túas mexadas? Como subas valas tragar, fillo dunha porca.

Diego achégase con unha copa de viño ao proscenio.

DIEGO: Agora ides os dous perfumados! *Rise a gargallada limpa.* Gracián, Gracián! Corre ao Alcázar e asegúrate de que lle chegue este mensaxe á raíña. Escribe: *Mira ao*

contrario da entrada ao taller. “A pola entrou na gaiola, agora só é cuestión de apertala. Vosos sevillano” Entendiches? Veña corre.

Ao público.

Será unha divertida caza.

XORNADA SEGUNDA



Luz de día, amencer, branco, ámbar, rosa, violeta, azul... Moi suave.



Son de tranquilidade. Música tranquila.

Na escena está Calderona sentada en posición formal, encima do cubo sofá, aos seus pés Lucio. Diego está diante do lenzo, paleta en man pintando o retrato. Lucio comeza a rascarse a cabeza.

DIEGO: Por Deus, deixa de rascarte a cabeza dunha vez, Lucio.

LUCIO: Sintoo señor, non podo evitalo.

CALDERONA: Hoxe non te lavaches? *Lanza un riso fino.*

LUCIO: Por suposto que si, pero estes malditos son inmortais. Nin a auga nin o vinagre nin nada de nada pode acabar con eles.

DIEGO: Pois terás que aguantarte, non paraches de moverte dende que chegamos.

LUCIO: Intentareino señor.

Lucio quédase inmóbil e Diego segue a pintar, cando pasan uns segundos Lucio comeza a mover a súa perna esquerda.

DIEGO: E agora que demos pasa?

LUCIO: Ai, señor! Laméntoo, pero é que me están dando punzadas.

DIEGO: Deus bendito! Sería máis doado con un endemoñado.

LUCIO: Un pouco de paciencia, enseguida pasará.

DIEGO: Paciencia? Eu teño moitísima paciencia, nin sequera Job tivo tanta paciencia coma min. Cando non son os piollos son as punzadas e cando non é unha mosca ... Paciencia! Pídeme calquera cousa menos paciencia.

CALDERONA: *Inmóbil.* Dille ao Maese Diego que se nos deixara descansar un pouco non tería que facer uso da súa xenerosa paciencia.

LUCIO: Di a señora que deberíamos descansar.

DIEGO: Dígalle á súa señora que non vexo motivo para descansar agora.

LUCIO: Di o señor que non podemos.

CALDERONA: Recórdalle ao señor que fai máis de unha hora que non descansamos.

LUCIO: Di a señora que fai máis dunha hora que non descansamos.

DIEGO: E eu quixera recordarlle á señora, que non creo que sexa tan grande o esforzo como para descansar cada vez que se vos antolle.

CALDERONA: Dille que non somos coma os seus cadros. Nós estamos vivos e precisamos movernos, tal vez o esqueceu.

DIEGO: Dille á señora que iso é imposible, pois ben vos encargastes de recordarmo a cada instante.

LUCIO: Señor, non quero vos anoxedes comigo, pero teño unha necesidade imperiosa.

DIEGO: Unha necesidade?

LUCIO: Si. Como ben di a señora, somos humanos e polo tanto temos que atender as nosas necesidades... corporales ... preciso aliviarme.

DIEGO: Merda! O que faltaba! Así non hai maneira de traballar.

CALDERONA: Tal vez o señor prefira que te alivies aquí mesmo. Quizais iso lle inspire para concluír a súa pintura.

DIEGO: A señora levantouse de moi bo humor esta mañá. Vai e fai o que teñas que facer.

LUCIO: Si meu señor.

Lucio abandona a escena. Diego aproveita para achegarse á mesa e limpar os seus pinceis. Calderona estírase e comeza a cantar.

CALDERONA: “Dende o solo ata a lúa non deixarei de amarte.

Na vida ou na morte non deixarei de terte.

Nos meus soños non deixarei de mirarte...”

DIEGO: É preciso que cantedes agora?

CALDERONA: *Ignorándoo.*

“Cos meus brazos farei a túa alcoba,

Cos meus beizos farei o teu traxe

Co meu corpo farei o teu leito...”

DIEGO: Lucio, dille á señor que preferiría que non cantase! O gruñido dun corvo é máis agradable.

LUCIO: *En OFF con voz conxestionada.* Señora deixade de cantar.

CALDERONA: Dille ao señor que eu no meu tempo libre podoo facer o que queira!

LUCIO: *En OFF.* Di que non quere señor.

DIEGO. Dille que está no meu taller e que fará o que eu lle ordene!

LUCIO: *EN OFF.* Di Maese Diego que a obedezades.

CALDERONA: Dille que eu non acepto ordes del.

LUCIO: *EN OFF.* Di que non señor.

DIEGO: Dille que é a muller máis descarada e orgullosa que coñecín na miña vida.

LUCIO: *EN OFF.* Di que ...

CALDERONA: Dille que non volva a insultarme! *Érguese do seu asento e achégase a Maese Diego.*

DIEGO: Dille que a súa forma de actuar é todo un insulto. *Achégase tamén a Calderona. Todo diante do lenzo que está pintando.*

CALDERONA: Dille que se me apetece cantar, catarei. E se me apetece bailar, bailarei.

Entra Lucio de novo en escena, están os dous fronte a fronte.

DIEGO: Dille que me pon enfermo escoitar a súa voz e de que da súa enorme boca soamente saen sapos e cobras.

CALDERONA: Dille que coñecín porqueiros máis cabaleiros ca el.

DIEGO: Dille que sendo o que é, dubido moito que coñecera algunha vez un cabaleiro.

LUCIO: *Enfadado.* Basta! Polo amor de Deus, basta! Isto non hai cristián que o resista. Avéñanse vosas persoas a razón, porque eu non podo seguir con este xogo. Nin aliviarme me deixan en paz. É para volverse tolo! Se isto vai continuar, eu claudico. É superior ás miñas forzas.

CALDERONA: Prometíchesmo.

LUCIO: Pois que arda eu no inferno por toda a eternidade. Tratade de comprender, isto é inhumano.

DIEGO: Se seguimos así eu tamén me rindo. Isto é o máis absurdo que vin na miña vida.

CALDERONA: Que pouco aguante tendes os homes!

LUCIO: Xa sabemos que en cuestións de lingua, ninguén pode combater coas mulleres pero... Calderona ... quero dicir, señora, recapacitade, unha cousa é non falarse con ninguén e outra moi distinto é esta loucura.

DIEGO: Eu, pola miña parte, só me dirixirei a vos para darvos instrucións.

CALDERONA: Queredes dicir ordes.

DIEGO: Non, xúroo pola miña vida. Se temos que rematar este cadro fagámolo e non perdamos a saúde nel.

LUCIO: Basta con un si ou un non. Non tendes porque falar de outra cousa.

CALDERONA: Está ben. Pero espero que este cabaleiro me trate co respecto que merezo e non volva insultarme.

DIEGO: Intentareino.

CALDERONA: Iso non é unha resposta.

DIEGO: Tamén depende de vos.

CALDERONA: Eu tamén o intentarei.

DIEGO: Estamos nas mesmas.

CALDERONA: Ocorrsevos outra solución.

DIEGO: Témome que non.

CALDERONA: Pois entón queda dito. Coidade moito as vosas palabras que eu coidarei as miñas.

LUCIO: Alabado sexa o señor e toda a súa corte celestial!

DIEGO: Nunca coñecín a unha muller coma vos, seriades capaces de acabar con todo o exército de Flandes.

CALDERONA: Esa apreciación non ten nada que ver co traballo.

DIEGO: Pois volvamos a el e deixemos as apreciacións.

CALDERONA: Será o mellor.

Calderona e Lucio volven ás súas posicións iniciais e Diego ponse diante do lenzo e seguir pintando.

LUCIO: Ven vosas mercedes que pouco custa entenderse? É solo cuestión de boa vontade e de ...

CALDERONA: Pecha a boca Lucio.

Escoitáanse berros de mulleres no exterior:



Voces

DIEGO: Que demos é isto? *Achegándose ao lateral contrario da entrada do taller.*



Voces

DIEGO: Creo que preguntan por vos, señora.

CALDERONA: *Dirixíndose a onde está Diego.* Van comerse as súas palabras!

DIEGO: *Cóllea do brazo.* Pero que facedes? Estadés tola?

CALDERONA: Non vou consentir que me insulten. *Apártao.* Aquí estou! Eu non me escondo xentuzá!

DIEGO: *Agárraa pola cintura.* Estádevos quieta. Así solo conseguiredes empeorar as cousas.

CALDERONA: Deixádeme! Eu ben sei que facer!

Volve agarrar a Calderona.

CALDERONA: Non vos metades nisto. Soltádeme dunha vez.

DIEGO: Non. Se vos non tendes xuízo, tereino eu por vos. Lucio baixa por Gracián e despexade a porta.

LUCIO: Eu señor?

DIEGO: Si, ti. Non quererás que baixe eu?

CALDERONA: Eu non preciso axuda.

LUCIO: Pero señor, non hai nada peor que un grupo de mulleres en pé de guerra e máis en carnaval.

DIEGO: Non digas parvadas, so son media ducia. Baixa dunha vez. Vamos!

LUCIO: Pero e que, non debo deixarvos a soas coa señor, xa sabedes que...

DIEGO: Vamos!

LUCIO: Está ben. Que Deus me ampare. *Presignase diante do público e sae de escena.*

DIEGO: Veña Calderona, sentádevos aquí e estádevos quieta.

CALDERONA: Sodes o home máis prepotente que coñecín na miña vida.

Calderona quere dirixirse de novo ao balcón, Diego páraa, fórzaa e séntaa de novo no seu asento.

DIEGO: Isto xa non é un segredo. Se esas bruxas saben que estadés aquí pronto o saberá todo Madrid.

CALDERONA: Porque non me deixan en paz dunha vez? Non hai ninguén máis en España a quen facerlle a vida imposible?

DIEGO: Non sexades presuntuosa, señora. Todos temos inimigos.

CALDERONA: A vos tamén vos insultan? Cría que un home coma vos todos o respectaban.

DIEGO: Non, a un home coma min, ninguén o respecta. Chamáronme de todo, fillo de puta, cabrón, estafador, farsante e ata xudeu.

CALDERONA: Quenes?

DIEGO: Probablemente os mesmos que a insultan a vos.

CALDERONA: Decídeme, que pensades de min?

DIEGO: De vos? Pois que sodes unha arribista sen escrúpulos, unha farsante e pode que tamén incluso unha xudía. Unha desvergonzada, unha “quenta camas”, casquivana, orgullosa, descarada...

CALDERONA: É suficiente señor. Non vos pedín tantos detalles. Xa vexo non vos custa nada ser sincero.

DIEGO: O meu non son as palabras, señor. Ademais, nunca pidades unha opinión sobre vos. Neste país noso, só hai dúas opinións: se fracasas, es bo e todos se alegran. Se triunfas es un malnacido. Todos vos odian e buscan xustificar o teu éxito con algún asunto turbio. Sempre haberá unha razón, porque o de conseguir as cousas traballando, non entra nas súas cabezas.

CALDERONA: É certo? Sodes o amante da raíña?

DIEGO: E se así fose?

CALDERONA: Poderíamos intercambiar chismes de alcoba.

DIEGO: Si, eu diríavos de que lado dorme a raíña e vos como ronca o rei.

CALDERONA: *Ponse en pé e sorrille.* Moito e moi forte. Coma todos os homes.

DIEGO: Ao fin e ao cabo todos somos iguais, non si?

CALDERONA: Non de todo.

DIEGO: En que nos diferenciamos?

CALDERONA: En pequenos detalles.

DIEGO: Cales?

CALDERONA: Sodes moi curioso Maese Diego, pero tal vez vos conveña sabelo. Din que sodes capaz de plasmar a alma dun home nun lenzo. Eu tamén. As dos demais nas miñas sabas. Veredes todo ten lugar no leito. Xusto antes do arrebatado final. É entón cando se coñece de que árbore é a madeira. Se un exclama “Deus, Deus, Deus” non hai dúbida ou é clérigo ou cristián. Se polo contrario soamente solta un xemido “Xa, xa, xa” é xudeu ou usureiro que non quere perder máis tempo. Se berra “Voume, voume” é casado e ten présa por volver á casa. Se murmura “Si, si” é primeirizo, recoñézoo no acto. E se exclama “Aleluya” é que só fornica de ano en ano.

DIEGO: E se non di nada?

CALDERONA: É que non foi capaz de armarse.

DIEGO: E que di o rei?

CALDERONA: *Rise.* Non sei se debería contestar a esta pregunta. *Mira ao seu redor.* Non di nada, deixa saír o aire por medio dos seus beizos e soa un asubío moi ridículo, así: *Fai o son.*

DIEGO: Só iso? Deberían de dobrar todas as campás de Madrid. O seu rei chegou ao éxtase. E o rei seguiría asubindo baixiño mentres todos os seus súbditos axitan os sombreiros e berran polas calles de Madrid: “O rei correuse” “O rei correuse” *Rí.*

CALDERONA: E a raíña?

DIEGO: Que queredes dicir?

CALDERONA: Nada señor. Só quería saber que di a raíña de min. Que opina a raíña dunha servidora?

DIEGO: Ignóroo.

CALDERONA: Sodes un farsante. De todas maneiras pododo imaxinarme as súas palabras. Só a vin unha vez. No teatro. E a súa mirada foi fulminante. Teño que recoñecer que é fermosa. Non vos parece a vos fermosa?

DIEGO: É unha muller moi doce.

CALDERONA: Doce! Que maneira tan fermosa de describir a alguén. Como me definiría a min?

DIEGO: Fresca.

CALDERONA: Fresca?

DIEGO: No bo sentido da palabra, señora.

CALDERONA: Pero a raíña é doce. Sen embargo o rei a encontra “sosa”. Aburrida. A el gústanlle as mulleres alegres e con imaxinación no leito.

DIEGO: Non me parece xusto que o rei diga esas cousas da raíña.

CALDERONA: Tanto apreciades á raíña?

DIEGO: Tanto coma vos ao rei.

Entra Lucio cun máscara posto.

LUCIO: Maldita sexan as mulleres! Que o díaño as confunda a todas!

CALDERONA: Que fas con esa máscara posta?

LUCIO: Non quero que me recoñezan. Serían capaces de agardarme nunha canella escura e moerme a paus.

CALDERONA: Pasaches pola taberna?

LUCIO: Non señora, estiven moi ocupado. Pero si que me quedaron ganas. E xa o mencionades, podería servirme un vasiño de viño señor? *Saca a máscara.*

DIEGO: Calquera motivo é bo para beber. Colle un trago e volvamos ao traballo.

LUCIO: *Achégase á mesa e sérvese medio vaso de viño. Bebe.* Señor é entroido. Mañá será coresma e acabarase a alegría. Non poderíamos deixalo por hoxe? Todo o mundo está divertíndose. A rúa está ardendo.

DIEGO: E eu tamén arderei se non acabo este cadro pronto.

LUCIO: O rei comprenderao. Tamén é festa para a vosa maxestade. Seguro que esta noite hai baile en palacio, non é así señor?

CALDERONA: Por suposto, é martes de entroido. Será unha festa grandiosa. Asistiredes vos, Don Diego?

DIEGO: Non.

CALDERONA: Porque señor?

DIEGO: Non me gustan os bailes. Nin o entroido. Nin a xente estúpida que se disfrazada para facer barbaridades que ao día seguinte preferiría esquecer.

CALDERONA: Que aburrido sodes Don Diego. O rei errou en contratarvos como pintor da corte. Debería encargardes presidir os funerais de palacio. Eu non sei o que daría por poder asistir a ese baile. Toda a corte disfrazada. O rei, o conde – duque, as damas, a raíña... De que irá disfrazada a raíña?

LUCIO: De pordiosera. Sería o máis adecuado. As pordioseiras disfrazanse de raíñas.



Baile Calderona.

CALDERONA: *Soñadora. Lucíndose e bailando diante de Diego.* Un baile en palacio. Que fermoso vai ser! A raíña exclamará co seu belo acento francés: “Música Maestro” e a música sonará. Bailarán toda a noite. Igual ata a raíña vos concede un baile. *Achégase a Lucio, cólleo da man e di con acento francés.* Concédeme este baile Maese Diego. *Baila, lúcese sobre o escenario. Ata que pouco a pouco achégase a Diego e dille.* Ou seredes vós quen llo suplique? *Para de bailar.*

DIEGO: Basta de tanta cháchara e volvamos ao traballo.

CALDERONA: Vamos Lucio. O señor non está para broma.

DIEGO: Non, Lucio, ti xa non me fas falla.

LUCIO: Porque señor?

DIEGO: Vou pintar á señora, sola.

CALDERONA: *Séntase de novo no cubo sofá.* Cambiásedes de idea?

DIEGO: Si, vou comezar un novo retrato. De todas formas este non o remataría a tempo.

CALDERONA: E que se debe ese cambio?

DIEGO: Ás veces hai que dar moitas voltas para encontrar o camiño.

CALDERONA: Alégrame que o encontrades. E ben, teño que cambiar de postura?

DIEGO: Non. Soamente de vestimenta.

CALDERONA: O meu vestido? Porque?

DIEGO: Quero pintarvos espida.

LUCIO: *Cuspe o viño.*

CALDERONA: Que decides?

LUCIO: Perdésedes o xuízo señor?

DIEGO: Quero facer un retrato digno de vos.

CALDERONA: Digno de min?

DIEGO: Quero dicir, un retrato especial.. Vou convertervos nunha deusa. Hai algo máis grande ca unha Deusa?

CALDERONA: Si. A vergoña, señor.

DIEGO: Vamos señora. Vos vergoña?

CALDERONA: Sodes un miserable. Ata onde seredes capaz de chegar? *Érguese do cubo.*

LUCIO: Pero que lle ocorre hoxe a todo o mundo?

DIEGO: Lamento que volo tomedes así. Cría que non vos conformariades con un estúpido retrato. Un espello baleiro, onde mostrar a nariz e os dentes. Unha muller da vosa talla debe de aspirar a unha beleza suprema. Pero se vos ofendín, estou disposto a pedir desculpas.

LUCIO: Si. Iso está mellor, señor. A miña señora non pode posar espida. Que diría o rei?

DIEGO: O rei quedaría fascinado cun cadro así. Tal vez se a raíña tivese un, el non a encontraría tan “sosa” e desfrutaría máis a miúdo da súa presenza.

CALDERONA: Sodes atrevido, Maese Diego, pero aínda non me coñecedes.

Calderona dirixese ao fondo e escóndese detrás dun caballete.

DIEGO: Que mosca lle picou agora? *A Lucio.*

LUCIO: Creo que fostes demasiado lonxe. Non debes de estar ben da cabeza. A amante do rei posando espida para vós...

DIEGO: Que estades facendo, señora?

CALDERONA: *Mentres se quita a roupa.* Vamos señor, eu non entendo de mitoloxía, pero se ao rei lle pracen estas cousas, non serei eu quen non o compra.

DIEGO: Non quixera eu que vos sentirades obrigada.

CALDERONA: Obrigada? Que vanidoso sodes, señor! Vou a posar espida para vos porque eu o decidín.

LUCIO: Pero señor, sabedes o que ides facer? Vos espida? En coiros? Como a vosa nai vos trouxo ao mundo... con todo ao aire... Xesús, María e Xosé!

CALDERONA: Como a miña nai me trouxo ao mundo. Ti o dixeches. Non debe de haber nada malo nel. Miña nai só fixo cousas boas.

LUCIO: Pero ídesvos espir diante de dous homes!

CALDERONA: Non. Diante dun pintor. Ti non vas estar presente.

LUCIO: Que eu..? Ah non! A min encargouseme non deixarvos a soas con el e non penso marcharme agora. Agora que precisamente vos ides ensinar as vosas vergoñas. Non penso xogarme o pescozo ante o rei.

CALDERONA: E eu non penso espirme diante túa.

DIEGO: Iso podemos arranxalo. *Achégase á mesa, colle un cacho de tela que ten enriba dela e achégase a Lucio.*

LUCIO: Que ides facer, señor?

DIEGO: O rei ordenouche non deixarnos a soas. *Comeza a vendarlle os ollos.* Pero só se refería á túa presenza. Non aos teus ollos.

LUCIO: Isto non é xusto señor.

DIEGO: *Empurrando a Lucio sobre un asento.* Séntate aquí e non abras a boca ou senón tamén cha vendarei.

LUCIO: *Sentado.* Pero como poido coidar da miña señora así?

DIEGO: Non te preocupes. A túa señora queda en boas mans.

LUCIO: Son as vosas mans as que precisamente me preocupan.

Sae Calderona detrás dun caballete envolta nunha saba branca.

DIEGO: E ben, señora.

CALDERONA: Fareino, señor. Pero de costas. Non penso chegar máis lonxe.

DIEGO: Se iso é o que queredes, será de costas.

CALDERONA. Dádevos a volta.

Diego obedece. Fai o mesmo Calderona que se quita a saba, axeónllase sobre o cubo sofá e xira a súa cabeza mirando a Diego.

LUCIO: Ímonos arrepentir.

CALDERONA: Xa podedes mirar Maese Diego.

DIEGO: *Volvéndose.* Esa posición non me serve. Vou colocarvos co voso permiso.

LUCIO: Que ides facer? Señor non ma xoguedes!

DIEGO: Só vou intentar a composición, Lucio. *Diego Achégase a Calderona.*

Permitídesme señora?

CALDERONA: *Desafiante.* Adiante.

Diego coloca de forma moi delicada a Calderona, dunha forma moi similar á Venus do espello que pintará moitos anos despois o mesmo Velázquez.

LUCIO: Que estades facendo, señor? Non vos quededes calado, falade!

DIEGO: Sodes moi fermosa, señora.

CALDERONA: Cría que os vosos ollos só eran os dun pintor.

DIEGO. Os dun pintor son os primeiro en recoñecer a beleza. *Afástase dela e obsérvaa.* Pero así non poderei ver os vosos ollos.

CALDERONA: Teredes que imaxinalos.

DIEGO: Espere. *Achégase de novo á mesa e colle un espello de man, lévallo a Calderona.* Sostédeo. Inclínadeo de forma que poida ver a vosa face.

Calderona colle o espello e mírase nel.

DIEGO: Así, déixeo así.

LUCIO: Que está pasando? Está a señora de costas?

DIEGO: Si, Lucio.

LUCIO: Pois o rei terá que fixarse moi ben no cadro. Porque non sexa polo traseiro, non sei como vai recoñecer á señora.

DIEGO: É unha pena que non podas ver o que estou vendo eu, Lucio.

LUCIO: E que é o que vedes, señor?

DIEGO: A unha deusa, unha auténtica deusa.

LUCIO: Deus nos ampare!

DIEGO: Afrodita. A Deusa do amor e da beleza. Ese será o noso cadro.

CALDERONA: A Deusa do amor! Que femoso!

DIEGO: Parécevos fermoso?

CALDERONA: A vos non?

DIEGO: O amor é máis putrefacto que existe señor. É a perfecta escusa para disfrazar as nosas miserias.

CALDERONA: Iso pensades?

DIEGO: Quen pode dicir que ama?

CALDERONA: Os namorados.

DIEGO: Namorados? Dous animais que só ansían compartir leito o un co outro. Despois diso... non queda nada.

CALDERONA: Pobre don Diego. Debedes sufrir moito. Non credes no amor e queredes pintar a unha deusa. Que os fixo tanto dano? Quizás a raíña?

DIEGO: Non volvades falar da raíña na miña presenza. Non todos somos coma vos, señora.

CALDERONA: Se fose coma min, non opinaría sobre o único que vale a pena neste mundo.

DIEGO: Que? O amor? A iso que vos facedes chamádeslle amor? A venderse a calquera por unhas prebendas? A non ter sentido do pudor nin da dignidade? A canto vendedes un bico? Por canto os deitades no leito?

CALDERONA: *Baixando o espello.* Por algo que vos nunca poderíades pagar. *Cóbrese coa sabana.*

DIEGO: A onde demos ides agora? Non rematamos aínda!

CALDERONA: Si Maese Diego. Rematamos. Queriades humillarme con esta estratexia? Fanvos falta moitos “ovos” para poder ferirme. Non é bo para vos tanta beleza.

Sae de escena e recolle o vestido.

DIEGO: Maldita sexa a cadela que a pariu!

LUCIO: Señor, podedes quitarme a venda.

DIEGO: *Achégase a el.* De boa gana cha deixaba así de por vida.

LUCIO: Oh, non meu señor! *Diego quitándolle a venda.* Prefiro quedarme mudo.

DIEGO: Iso sería un milagre.

LUCIO: Alabado sexa Deus! Isto foi unha faena, señor.

DIEGO: Pero quen se cree que é esta maldita muller?

LUCIO: A amante do rei.

DIEGO: Como un rei pode entenderse con unha muller así?

LUCIO: Non vos parece ben que o rei se vexa con ela?

DIEGO: Pecha a boca dunha vez!

Inicia o camiño de saída do taller.

LUCIO: Marchádesvos señor?

DIEGO: Teño que acudir a palacio.

LUCIO: Veredes á raíña?

DIEGO: Tal vez.

LUCIO: Póndeme aos seus pés.

DIEGO: Non che convén. Daríache unha patada. *Achégase á mesa e colle a Biblia.*

Non podo irme sen a miña biblia. Despídeme da túa señora e desfrutade do entroido. Tal vez a coresma chegue antes do que esperamos.

Diego Sae de escena. Lucio vai á mesa e abre o cofre e saca unha bolsiña que contén monedas. Ábrea e comeza a contalas. Calderona sae vestida.

CALDERONA: Foise Maese Diego?

LUCIO: *Sorprendido, as moedas caen ao chan.* Si. Díxome que te saudara. Tiña moita présa.

CALDERONA: E ti que fas con iso?

LUCIO: Nada.

Calderona achégase a Lucio e ameázao.

CALDERONA: Dime, de onde sacaches esta bolsa?

Agárrao do brazo.

LUCIO: Estasme facendo dano.

CALDERONA: Máis che doerá se non me contestas! Fala!

LUCIO: Está ben. Un home abordoume no mercado e díxome que vixiara a Maese Diego e que o tivese informado de todo canto escoitase nesta casa. Que me pagaría xenerosamente.

CALDERONA: *Sóltao.* Santo Deus!

LUCIO: *Mentres recolle as moedas e as mete na bolsa.* Maldita sexas. Es unha bruxa, Calderona.

CALDERONA: E ti un malnacido. Por iso tanto interese en que me deixase retratar. Como puidiches.... Xudas Iscariote!

LUCIO: Pa ti é moi doado falar. Ti telo todo. Traxes, xoias, casa... ata cadros. Pero eu non teño nada. Quero comer, beber e vivir coma un rei. E que non podes entender? Xa non me basta con sobrevivir. *Achégase a ela.* Pero se ti deixases de tratarme así... se por unha vez me deras iso que a outros concedes... eu sería capaz de renunciar a todo.

CALDERONA: Non me poñas as mans enriba, Lucio.

LUCIO: *Achégase cada vez máis a ela.* Cede muller, e farei o queiras. Levo anos esperándoo.

CALDERONA: *Librándose del.* Antes iríame cun porco.

LUCIO: Algún día lamentarás os teus desprezos.

CALDERONA: E ti a túa envexa. Cres que vou a asistir impasible a este xogo? Falarei con Don Diego e darache unha malleira que non a esquecerás en toda a túa vida, tolo borracho.

LUCIO: Eu de ti non o faría. Se alguén desexa a caída de Don Diego, son moitos máis os que anhelan a túa, Calderona. E ninguén mellor que eu para falar das túas bruxerías.

CALDERONA: Eu non fago bruxerías.

LUCIO: Oh, si xa o creo! Estes mesmos ollos o viron. *Sinalándose os seus ollos. Vai cara o cubo e séntase mirando ao público.* “ Ilustrísima, eu vina preparando as súas pocións. Cheirei as súas herbas e raíces. Curou a venéreos. Detivo preñeces e ata hemorraxias. Di estrañas oracións e usa polvos e ungüentos máxicos. Encoméndase a Belcebú e entrégase a orxías nocturnas. Aquí tendes a proba da súa bruxería! *Estende a perna.* Esta perna estaba san e agora coxea. A súa maldición persígueme. *Cae ao chan e axeónllase coas mans xuntas.* Amparádeme no nome da Santísima Trindade!”

CALDERONA: Serías capaz de facerme iso?

LUCIO: *Érguese e vólvese cara Calderona.* E se engadimos que es cómica ... En tres días, arderás na pira. *Santíguase.* Amén.

CALDERONA: Sapo do inferno!

LUCIO: O rei non defendería xamais a unha bruxa, por moi ben que lle quente a cama. Garda silencio e nada terás que temer. Ti segue abríndolle as pernas ao rei. Desfruta das súas prebendas e deixa que eu disfrute do meu.

CALDERONA: *Cuspe no chan.* Non vivirás para gozar desta infamia.

LUCIO: Non me asustan as túas maldicións.

CALDERONA: Mal raio te parta en dous! E mal raio me parta a min!

Sae pola porta do taller.

Lucio achégase ao proscenio.

LUCIO: Corre, corre, bruxa endemoñada. Non volverás dobregarme nin polos encaixes da túa cama. Que Lucio non ten dono. Que a Lucio ninguén lle manda.

Silencio.

LUCIO: Aínda que unha palabra túa bastaría para perderme.



Albarabía do entroido. Música baixa.

LUCIO: *Agarra con forza a súa bolsa de moedas.* Pero que demos! É entroido! Vamos queimar Madrid.



Algarabía de entroido. A música sube. A música segue sonando. Transición.



Escuro.

XORNADA TERCEIRA



A música cambia a algo máis de relax.



A escuridade desaparece. Vai subindo a luz pouco a pouco. Luz de tarde. Filtros ámbar, laranxa, rosa e azul.

Diego Velázquez está deitado sobre o sofá no que posou Calderona, coa Biblia ao seu carón. Érguese, vai cara a mesa, esconde a Biblia e sérvese un vaso de viño. Entra lucio con aspecto cansado.

LUCIO: Boas tardes vosa merced.

DIEGO: *Sorprendido.* E a vosa señora?

LUCIO: Virá máis tarde. Envioume para dicirvos que a representación alargouse máis do previsto. *Mira o viño que está tomando Diego.* Molestaríavos que me servise un vasiño de viño? É para despexarme.

DIEGO: Despexarse con viño?

LUCIO: Oh, si señor! O viño fai que flúa o sangue e iso consegue espertar o corpo e a mente.

DIEGO: Non debiches abandonar o teu oficio. Segues sendo un bo cómico. *Sérvelle un vaso.*

LUCIO: Xa non hai cómicos en España, señor. Os seus reis e gobernantes quitáronnos o traballo. Son moito mellores. No Alcázar e os palacios, danse as boas representacións. Non vos parece así, señor?

DIEGO: Cala e bebe rosmón!

LUCIO: Grazas señor. *Bebe todo o vaso dun trago.* Necesítabao de veras. Non peguei ollo en toda a noite.

DIEGO: E iso porque?

LUCIO: Por unha maldita aposta co voso criado, ese maldito portugués a quen Deus o confunda sempre.

DIEGO: E cal era a aposta?

LUCIO: Ese malnacido ocorréuselle retarme. Dixo que non era capaz de pasar unha noite nun convento de monxas. Eu díxenlle que si, e el apostou tres reais a que non o conseguiría.

DIEGO: Tres reais? De onde sacou ese pelandrán tres reais?

LUCIO: Supoño que da súa bolsa. Ese porco ten os dedos moi longos.

DIEGO: Son máis curtos ca os teus?

LUCIO: *Ignorándoo.* O caso é que animado polas moedas e polo orgullo, que un tamén o ten, esperei a que anoitecera e alá fun. Saltei a tapia do convento. Aparecín no patio e abrín a primeira porta que vin. Topei coa cociña e de pronto vin unha enorme mole vestida de monxa cun perolo na man. Aquela “Sansona” comezou a berrar coma se estiveran cortándolle o pescozo e non tiven máis remedio que darlle un mamporrazo coa tixola.

DIEGO: Golpeaches a unha monxa?

LUCIO: E que quería que fixese? Berraba coma unha besta parda. Ían descubirme. Pero en vano foron os meus golpes, os bramidos daquel elefante alertaron a toda a comunidade. Saín correndo da cociña e encontreime con unha lexión de morcegos que viñan cara min.

DIEGO: As monxas perseguíndote!

LUCIO: Toda a congregación, señor. Por fin topei cunha porta. Era unha celda. Entrei e encontreime coa criatura máis fermosa que vin xamais.

DIEGO: Era outra monxa?!

LUCIO: Moito mellor, señor. Unha novicia. Tapeille a boca coa man e díxenlle: “Ou pechas a boca o dun golpe envíote a visitar ao teu mozo ao ceo” Obedeceu. Pero o tempo pasaba e ... entre o roce dos seus hábitos e as rozaduras dos nosos corpos ... cando quixen dar-me de conta xa estabamos cabalgando.

DIEGO: Ti e a monxa fodendo?

LUCIO: E como Maese Diego! ... O xaxún e a vida contemplativa fainas entrar en éxtase enseguida e poder repetir ata cansarse. A cada embestida mencionaba a un santo e en cada derrame a unha virxe.

DIEGO: *Ríndose.* Desvirgaches a unha novicia!

LUCIO: Non. O que fixen foi subila ao ceo. Non é iso o que desexan?

DIEGO: Es un desalmado. E como acabou a contenda?

LUCIO: Agradecida levoume ata a saída. Logo deume a súa toca como proba. *Saca a toca do seu peto.* E de novo na calle santigüei-me. Din grazas a Deus por revelarme toda a súa grandeza e xa era de día.

DIEGO: Fillo de puta! Debería mallar a Gracián por esa falcatruada e a ti obrigarte a casarte con esa pobre criatura.

LUCIO: Pobre? Aínda debe de estar dando as grazas a Deus por tanta alegría! Que neses conventos fai moita falla un home. Sonche moitas galiñas sen galo. Hei de volver.

DIEGO: *Ríndose de novo.* Pero pasa primeiro pola cociña. A “Sansona” espérate. Non a deixaches moi compracida.

Os dous homes rin. Entra Calderona e obsérvaos.

CALDERONA: Boas tardes, señor.

DIEGO: *Vai saudala de forma cortés.* Boas tardes señora.

CALDERONA: Lamento o retraso.

DIEGO: Non vos preocupedes. Lucio xa me advertiu. Gustou a comedia?

CALDERONA: Era un auto sacramental. Hoxe é Corpus señor.

DIEGO: Oh, si! Esquecérao. Un auto de Maese Lope?

CALDERONA: Non. Dun xoven chamado Calderón.

DIEGO: Parente voso, señora?

CALDERONA: Non, tan só é unha coincidencia.

DIEGO: *Séntase no cubo máis próximo ao escenario. E segue coa copa de viño na man.* E que di o Maestro Lope de Vega de ese xoven?

CALDERONA: Pestes, señor, pestes.

DIEGO: Bueno, e de quen non as di? Debe ser bo o xoven, se non, Maese Lope non se molestaría en dedicarlle nin só insulto.

Escoitase a un home asubiando unha melodía.

LUCIO: *Saltándo.* Gracián! Gracián! Corre ao proscenio. Espera porco portugués! Tes unha débeda comigo! Non corras, fillo de puta!

DIEGO: Non berres no meu balcón!

LUCIO: Señor, ese malnacido non quere pagarme a débeda, e non é xusto. Estase escapando! Vou por el. Xúrovos que non tardarei nin un minuto.

DIEGO: Agora non che importa deixar á túa señora?

LUCIO: Señor, son tres reais. E custoume moito gañalos.

DIEGO: Si, diso estou seguro. Vai e que o diaño vos leve aos dous.

LUCIO: Non tardarei. *Corre ata a saída do taller. Detense.* Podo confiar en vos verdade, señor?

DIEGO: Marcha dunha vez!

LUCIO: *Afirma de cara Velázquez. Sae correndo.*

Calderona toma asento no sofá.

DIEGO: E ben miña señora, temos que esperar a Lucio ou podemos comezar sen el?

CALDERONA: Será mellor esperalo.

DIEGO: Incomódavos estar a soas comigo? Que barbaridade! Unha muller coma vos, non debe asustarse por estar a soas con un home.

CALDERONA: *Seria.* É certo que sodes un “alumbrado”?

DIEGO: Que dixestes?

CALDERONA: Oístesme moi ben, é certo?

DIEGO: E se así fose?

CALDERONA: Sabedes que queren acabar cos vossos.

DIEGO: Sempre o intentaron.

CALDERONA: Pero esta vez vai en serio. Escoitei moi ben ao rei. Queren un escarmento exemplar. *Suspira. Silencio.* Hai demasiadas rebelións. O Conde – Duque quere facer unha demostración de poder. E van caer todos. Xudeus, rebeldes, separatistas e “alumbrados”. Calquera que supoña un perigo para o Imperio.

DIEGO: Porque vos preocupa, señora?

CALDERONA: Estadades en perigo, señor. E eu, tamén podería estalo por vos. Onde menos o esperades, hai un espía. Moito máis cerca do que vos pensades.

DIEGO: Sodes unha embusteira! *Achégase a ela.* Porqué non dicides a verdade?

CALDERONA: Que verdade?

DIEGO: *Rodea a Calderona e sitúase detrás dela.* Que me amades. Atrevédevos a dicilo.

CALDERONA: Bebestes moito, Don Diego.

DIEGO: Si, señor! *Segue detrás dela.* Pero esquecedes que un home sabe cando unha muller o desexa. Nota o seu olor. É inevitable. *Fai fronte a ela e achega o seu rostro ao dela. Ela érguese.* Ulides a femia, señora. E non hai mellor aroma en todo o mundo. *Volve achegarse a ela.*

CALDERONA: Afastádevos de min, señor.

DIEGO: *Colócase detrás dela e cóllea pola cintura.* Non. Sei que o estadades desexando. *Apértaa contra o seu corpo.*

CALDERONA: *Afástase. Quedan fronte a fronte.* Don Diego, non fagades nada do que podades arrepentirvos.

DIEGO: Se o rei vai castigarme que sexa por algo máis que un simple cadro.

CALDERONA: Deixádeme señor! Non sabedes o que estadades facendo!

DIEGO: Sei moi ben o que fago. E unha muller coma vos debería recoñecelo ao instante. *Bícaa.*

CALDERONA: *Dálle unha labazada.* As mulleres coma min cobramos por isto.

DIEGO: Se é por iso eu pagareivos mellor ca o mesmo rei.

CALDERONA: *Empurrándoo e saíndo do acoso.* Vamos! A que esperades? É moi doado señor, soamente ten que sacarse os calzóns. Sabedes facelo? Vamos ao voso cuarto! Ou preferides aquí mesmo no chan! Non, non mellor aquí. *Déitase no sofá coas pernas abertas.* Si. Aquí está ben.

DIEGO: Déixano xa, señora.

CALDERONA: Vamos! Faceino! Sodes un home, non? Non cheirades o meu aroma a femia? *Sae do sofá e achégase a el.* Que vos ocorre? *Abrázao contra ela.*

DIEGO: É suficiente.

CALDERONA: Sei o que estades desexando. *Pon a súa man na entreperna de Diego.* Eu axudareivos. Vamos! Facédeo imbécil, facédeo. *A cada insulto empúrrao coa man e el vai retrocedendo.* Facédeo imbécil! Imbécil. Imbécil. Imbécil.

DIEGO: Basta xa! Por Deus, basta!

CALDERONA: *Afástase del chorando.* Estades satisfeito, señor? Era iso o que queriades? Debería falar co rei e facer que vos mallaran coma un ladrón de taberna.

DIEGO: E porque non o facedes? Porque non o fixestes o primeiro día que entrastes por esta porta?

CALDERONA: Porque eu non son tan miserable coma vos. Sempre pensei que erades un bo home. Non crin que vos tamén seriades así. Eu admirábavos, Maese Diego. *Silencio.* O rei ensinoume algún dos vosos cadros e pensei que alguén que podía pintar tanta beleza, tiña que ser moi especial. Un home cunha alma grande e aberta. Que non xulgaba, só mostraba. Cando o rei me dixo que iades pintar o meu retrato, fun a muller máis feliz do mundo. Ía coñecervos. A estar preto de vos. Pensei: “Ninguén estará máis preto da beleza ca min”. Pero non é así. Vos tamén descoñeces a beleza. E iso entristéceme máis por vos que por min. Porque debe de ser moi triste estar rodeado dela e non chegar a tocala nunca.

DIEGO: Merda, señora! Merda!

CALDERONA: Que dicides, señor?

DIEGO: Merda. Iso é o que nos rodea. Cae dos balcóns. Pisámola nas rúas. Cheirámola nas nosas casas. E sen embargo cando alguén a menciona con todas as súas letras, corremos a queimala nunha fogueira. Todos estamos cheos de merda. *Silencio.* A min chégame ata a alma. Pinto e cando pinto ordénaseme. Non pregunto. Solo pinto. un rei ou unha vitoria. Que importa que sexa unha derrota? Eu seu facer maxia! Que importa que sexa un necio! Eu convertereino nun rei. O meu amigo Rubens díxome que a Corte acabaría conmigo e non o crin. Agora sei que é certo. A Corte é un desfile de ánimas empeñadas en resucitar, paseando as súas miserias polo Alcázar, onde vos nunca poderedes entrar porque estades chea de vida. De todo canto soñaba, soamente queda un cargo, un título. A cambio estou sometido. E sabedes que conseguín en todo este tempo? Unhas úlceras chea de sangue. Unha esposa que non amo. Unha filla que me ignora. Uns cadros que non reconece e un rei ao que detesto. Si, señora, pero son o pintor da Corte. Xa vedes. Quen o diría? Subir tan alto para caer tan baixo

Bícaa moi lentamente e cae de xeonllos. Agora podedes golpearme, señora.

CALDERONA: *Moi entristecida polo discurso que acaba de darlle Diego.* Acabade ese retrato, señor. Serei obediente, muda, inmóbil, pero pintádeo por Deus. *Chorando.* Pintádeo, pintádeo.

DIEGO: Fareino, María. *Abrazándoa.* Xúrovos que o farei.

Entra Lucio. Calderona afástase de Diego e colócase de costas.

CALDERONA: Porque tardastes tanto!

LUCIO: *Serio.* As rúas están revoltas, señora. Non é doado andar por elas. A garda está en todas partes.

CALDERONA: Díxenvolo, señor. *Mirando a Velázquez.*

LUCIO: Algúns amigos vosos están detidos.

DIEGO: Atrapaches a Gracián?

LUCIO: Si, meu señor.

DIEGO: E recuperaches os teus reais?

LUCIO: Iso é moito máis.

DIEGO: Vamos, hai que rematar este cadro.

LUCIO: Si, hai que rematalo. O rei pode impacientarse. Mostrarédesllo á raíña señor?
A raíña desfrutará vendo á puta do rei ... espida.

DIEGO: *Abalánzase sobre el. Cólleo pola solapa.* Escóitame ben fillo de puta!
Arrástrao ata o proscenio ameazando con tiralo. Se a volves chamar así. Se volves
insinuar sequera algunha das túas merdas, botareite dende aquí e se che queda algún óso
san, eu mesmo baixarei para partircho en mil anacos. Está claro.

Calderona vai tras deles.

CALDERONA: Non Don Diego! Deixádeo. Non merece a pena.

DIEGO: Non ata que vos pida desculpas.

LUCIO: *Revólvese e desfáise de Diego.* Deixádeme dunha vez. E deixade de facer o
papel de cabaleiro.

CALDERONA: Basta xa, Lucio! E que te volviches tolo?

LUCIO: Rematou a comedia. Ti non es unha señora, eu non son un criado e el, el nin
sequera é un cabaleiro.

CALDERONA: Pero que estás dicindo?

DIEGO: Non lle fagades caso, señora. Debeu de estar bebendo con Gracián.

LUCIO: Así é, señor. E non hai peor criado que aquel que bebe en exceso. Por unha
xerra de viño, pode soltar a súa lingua ata límites insospeitados. Falareiche claro muller.
Mirando a Calderona. Deixa que este vello cómico cho explique. Que estúpida fuches,
Calderona! Ti, a máis grande cómica de España, deixándote atrapar nunha comedia tan
antiga coma esta.

CALDERONA: De que estás falando?

LUCIO: Canto se deberon de rir na Corte! As damas, os nobres, o mesmísimo Conde-
Duque e a raíña ... A autora desta farsa xunto ao seu fiel can sevillano: *Imitando o*
acento francés da raíña. “Belo pintor axudádeme a destruír a esa bruxa que enfeitizou
ao meu señor. Vos compensarei.”

DIEGO: Que nova necidade estás tramando agora?

LUCIO: Necidade, Don Diego? *Saca un papel do seu peto e lee.* “Maxestade: a pomba entrou na gaiola. Agora só é cuestión de tempo de apertala. Voso sevillano” ...

Silencio. Todos sorprendidos.

LUCIO: Decide, Don Diego. De que forma vos recompensará a raíña por espiar a Calderona?

Silencio incómodo de novo.

CALDERONA: Non decides nada, Don Diego? Non vos defendedes destas calumnias? Non berrades que mente? Non vos arroxades sobre el?

DIEGO: Señora, crédeme. Eu... Eu só podo dicirvos que vos amo.

CALDERONA: *Achégase a el. Cúspelle na cara.* Covarde! Sodes todos uns covardes! A Corte enteira en contra dunha soa muller. Aquí estou! Vinde a por min! Porque nin todo o exército de Flandes poderá comigo. Agora non. Agora son intocable. *Pausa. Ri.* Ide a ver á vosa raíña, sevillano, e decidelle que o intentastes, pero que fará falla moito máis que un valido, un pintor e unha raíña podre de celos, para acabar coa Calderona! *Diríxese á saída pero Don Diego detena.*

DIEGO: Esperade, señora!

CALDERONA: Soltádeme! Non volvades tocarme. Non vos atrevades a tocarme!

DIEGO: Non vos marchedes. Déixame que vos explique.

CALDERONA: Non é a min a quen debedes darme explicacións. E espero que sexades moi convincente.

LUCIO: Agardade, señora. Non desexades coñecer o final desta comedia?

CALDERONA: Aínda non se escribiu.

LUCIO: Oh, si, miña señora. Outro o fixo por vos. *Adopta actitude de cómico.* Xornada Final! O pobre cómico decide chegar ata o fin. Unha mañá diríxese ao palacio de “La Troia” e completa a súa misión.

DIEGO: Que dixeches?



Ruído de Armas.

Todos quedan asombrados escoitando.

DIEGO: É a garda da Inquisición. Que é o que fixeches bastardo?

LUCIO: Cumprir coa miña palabra.

CALDERONA: Ti..? Porque Lucio..?

LUCIO: Non tes a resposta? Por ti, soamente por ti.

CALDERONA: Eu deféndome soa.

LUCIO: Tal vez. E houberas sido capaz de perdoarlle.



Golpean na porta.

Diego vai cara ela, Calderona deteno.

DIEGO: Que ides facer, señor?

DIEGO: Non penso correr antes estes cabróns!



Golpes de novo.

DIEGO: Xa vou! Xa vou!

CALDERONA: Señor, esa xente non mira nomes e non atenden súplicas!

DIEGO: Teñen fame e algún malnacido quere prender a pira.



Golpes de novo.

DIEGO: Dixen que xa vou! *Achégase a Calderona.* Adeus, señora. Rezade por min se aínda credes que o merezo. *Diríxese cara a porta, pero antes detense.* E ti, bastardo, espero que esas moedas che poidan pagar moitas xerras de viño. Vas ter que estar moi borracho para esquecer esta infamia.

Diego márchase.

Calderona achégase inmediatamente ao proscenio que fai como balcón.

LUCIO: Ámalo, seino dende o primeiro día.

CALDERONA: Es un pobre infeliz, Lucio.

LUCIO: *Chega ata Calderona eponse detrás dela.* Debo de selo. Eu trato de axudarche e el de perderte e, sen embargo, ámalo.

CALDERONA: Como puidexes facer algo así?

LUCIO: Os nobres de España devóranse entre si e xusto é que nós os comamos en mil anacos.

CALDERONA: Que vai pasar agora?



Música alegre.

LUCIO: Mira! É “A Tarasca”. Hoxe é Corpus Christi. Bo día para rezar. Vou unirme a eles. Bailarei en fronte da “Tarasca”. Tal vez esa serpe me devore dende o seu carro. *Afástase de Calderona. Vai de cara a porta do taller.* Adeus Calderona. Volve xunto ao rei. Solo estarás segura con el. *Sae.*

CALDERONA: *Segue no proscenio. Lévase as mans ao seu ventre.* Xa ninguén estará seguro.



Música alegre, cada vez máis alto. Sube o volume.



A luz vai baixando pouco a pouco mentres soa a música.

EPÍLOGO



Música



A luz de noite, filtros branco, branco lúa, morado e azul. Escena en penumbra.

Entra de forma case inapreciable Calderona. Leva a cabeza cuberta por un manto. Mira ao seu redor. Descubre a cabeza. Pasea pola estancia mirando e tocando os lenzos. Sae Diego do lado contrario (interior da casa) con unha chave na súa man.

CALDERONA: Maese Diego!

DIEGO: *Algo borracho, leva algunha pluma de pomba manchadas de sangue. Shhhh!*
As pombas dormen!

CALDERONA: *Alarmada.* Como estades, señor?

DIEGO: Estou libre, que máis se pode pedir? Gracían! Gracían! ... Xa non está.
Sacódese e caen as plumas ao chan. E o voso mastín?

CALDERONA: O rei desterrouno.

DIEGO: Pobre Lucio! El si que era un perigo. Un pobre cómico é máis perigoso que un “alumbrado”. En cambio eu quedome aquí. *Silencio.* Bico a man do meu rei. Lambo os seus zapatos. Mostro o meu cu ao rei.

CALDERONA: Calade Don Diego!

DIEGO: Non hai nada que temer. *Achégase ao proscenio.* Oídeme cabróns! Son un “alumbrado”. Non creo no poder divino do rei! Eu soamente creo na luz! *Ri descaradamente.* Vedes? Non pasa nada. Ninguén escoita a miña voz. Podo dicir canto queira. *Volvéndose cara Calderona.*

CALDERONA: Estades borracho, Maese Diego.

DIEGO: Si, Maese Velázquez está borracho. E segue sen entender porque o rei non o castigou. Sabedes vos algo, señora?

Entra Lucio moi lento. Non se decatan da súa presenza.

CALDERONA: O rei necesitavos. Ningún outro rei tivo un pintor mellor ca vos.

DIEGO: Solo por iso? Decide, señora. Podedes explicarme que estraño xogo está tendo lugar?

LUCIO: Porque non o facedes agora?

CALDERONA: Lucio! Que fas ti aquí!

LUCIO: Vin a despedirme antes de emprender a miña viaxe a ese pobo da Mancha, onde o rei tivo a ben enviarme.

DIEGO: Sal da miña casa! *Enfadado.*

LUCIO: *Saca unha navalla.* Vinde e botádeme vos.

CALDERONA: *Corre cara Lucio.* Non, Lucio!

LUCIO: *Apartándoa.* Non te metas muller, este é un asunto entre Don Diego e máis eu.

DIEGO: Non me asustas, pioloso.

Achégase a Lucio e intenta atrapalo, Lucio esquívao. Dálle un golpe no pe a Diego e cae ao chan. Lucio súbese encima del e levanta a navalla.

CALDERONA: *Achégase a Lucio e detén a súa man.* Lucio, se é certo que me amas, déixao!

LUCIO: Como é posible que aínda poidas sentir algo por este home?

CALDERONA: E como é posible que ti, a pesar de todo, o sintas por min?

Lucio mira a Diego aos ollos. Baixa o seu brazo e garda a navalla.

LUCIO: Es un home afortunado, pintor. Ela volveute salvar. Querías sabelo, non si? *Falándolle moi preto da súa cara.* E queres saber algo máis? Espera un fillo. Un fillo do voso rei.

CALDERONA: Lucio, cala!

Silencio sepulcral.

LUCIO: Pero é unha necia cómica. Cambiou a súa liberdade pola túa e o rei aceptou. Terá ao seu fillo nun convento e logo entregarallo ás monxas. E alí pasara o resto da súa vida. *Ri forte.* Todas as cómicas acaban tolas. Da gracias á señora, ela salvoute. En cambio eu, son desterrado. O rei non quere ter testemuñas nesta comedia. *Érguese e*

písalle a man a Diego. Debería esnaquizarcha para que non volvas pintar nin un só cadro máis. *Levanta o pe.* Adeus Calderona, aí tes ao teu pintor. Eu voume. Teño que estar fóra de Madrid antes de que saia o sol. *Fai xunto ela e bícaa.* Aquí separámonos eu xa non poderei protexerte máis. *Camiña cara a porta.*

CALDERONA: Lucio, boa sorte!

Lucio míraa un momento e sae. Calderona acude rapidamente a axudar a Diego.

CALDERONA: Estades ben, señor?

DIEGO: *Erguéndose.* Un fillo. Ides ter un fillo do rei?

CALDERONA: Si.

DIEGO: Vos... señora!

CALDERONA: Dubidei moito, pero agora sei que o terei.

DIEGO: Vos non podedes ter un fillo dese home. Dun necio ao que se lle parte o Imperio en anacos.

CALDERONA: Coidade as vosas verbas. É o rei de España.

DIEGO: É certo? É verdade o que dixo Lucio?

CALDERONA: Lucio é un pobre borracho.

DIEGO: Só os borrachos din a verdade. Contestádeme señora. Débovos a vos a miña liberdade?

CALDERONA: E se fose así?

DIEGO: Non o permitiría. Non consentiría que fagades isto por min.

Silencio.

CALDERONA: Por vos? *Ri.* Seguides sendo un pavo presuntuoso. Eu rogueille ao rei por vos, é certo, porque o desterro ou a prisión era demasiada clemencia para vos. Eu quixen que sigades aquí, encerrado. Pintando príncipes, nobres e bufóns. Obedecendo ao voso rei e bicando as saias da raíña. Para que non poidades dar nin un só trazo sen o seu consentimento. Para que sexades un mono domesticado. Para que atendades ao seu

caprichos. Para que vivades baixo a súa man, ata que se aburra de vos. Xa vedes, eu convertinvos agora na puta do rei.

DIEGO: Non. Vos non sodes capaz de facer algo así. Eu sei que me amades.

CALDERONA: Vamos, señor, vos falando de amor?

DIEGO: *Abalanzándose sobre ela.* Dícideme que é mentira. Mirádeme aos ollos e decideme que isto non é unha vinganza.

CALDERONA: É tarde, señor, eu tamén teño que marchar.

DIEGO: Non. Non podedes marcharvos. Preciso saber a verdade!

CALDERONA: *Liberándose del.* Xa está todo dito.

DIEGO: *Volve atrapala.* Vos sodes o único que amei de verdade.

CALDERONA: Abride os ollos, señor. Vos só amastes a un cadro. *Sóltase del.* Adeus Maese Velázquez. Espero que encontredes á vosa Deusa. *Sae de escena.*

DIEGO: *Corre ata a porta.* María, esperade! Non vos marchedes. Non podedes irvos. María! Vos sodes a miña Deusa. Vos sodes a miña Deusa!



Coche de cabalos afastándose.

Diego camiña ata o centro da escena onde ten o cadro oculto cunha saba.

DIEGO: Vos sodes a miña Deusa! Sodes a miña deusa!



Música de órgano.

Descubre con suavidade o lenzo e xira o caballete cara o público. Vemos un esbozo do que será máis tarde “La Venus del espejo”



Música alegre, cada vez máis alto. Sube o volume.



A luz vai baixando con filtro vermello o cadro.

DIEGO: Ti es a miña Deusa!

Cae de xeonllos chorando de costas ao público.



A música baixa lentamente. Cando hai escuro a música soa coma un fio moi en
baixiño.



A luz vai baixando ata facerse escuro.

TELÓN

FIN.